CONSIDERACIONES XURÍDICAS

Competencia:

- *O artigo 15 do Real Decreto 616/2017 establece que a xustificación por parte do beneficiario da realización das actuacións que conforman o proxecto, deberá realizarse ante o Órgano Instructor no prazo máximo de (2) dous meses contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución da actuación ou da súa eventual ampliación, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirrexional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.*



- De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.
- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGSL, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.

III.- CONCLUSIONES:

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de potabilización e depuración de augas residuais dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 5.31102 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. “FEDER-EELL-2020-004631: SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures” (expte. 2020032981). Os traballos de execución das actuacións correspondentes ao expediente IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 remataron dentro do prazo máximo previsto de 31/07/2023, tal como se acredita nos correspondentes certificados final de obra de cada unha das actuacións. Actualmente, e de xeito simultáneo en todos os expedientes de axudas do IDAE, dende a Deputación estanse completando os trámites de recepción dos traballos, validación, tramitación e pago das certificacións e da liquidación final, e recompilación de toda a documentación necesaria para a correcta xustificación. Neste mesmo sentido, para garantir a calidade dos traballos finalizados verifícase sobre o terreo o correcto funcionamento das instalacións renovadas. Todas estas tarefas son realizadas en 37 concellos da provincia.

Co fin de garantir o deber do beneficiario de xustificar correctamente as actuacións obxecto de axuda, á vista do inxente volume de traballo acumulado e non prexudicando os intereses de terceiros, é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (2) dous meses, regulado no artigo 15 do Real Decreto 616/2017, en (1) un mes adicional; sendo deste xeito o 31/10/2023 a data máxima para realizar o citado trámite de xustificación da realización do proxecto ante o IDAE do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo para a xustificación da realización do proxecto.



A ampliación do prazo de xustificación da realización do proxecto nun mes (1 mes), ata o 31/10/2023, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo de xustificación da realización do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 non constitúe un prexuízo a terceiros.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta xustificación do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (2) dous meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución da actuación ou da súa eventual ampliación para xustificación por parte do beneficiario da realización das actuacións que conforman o proxecto segundo se regula no artigo 15 del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (1) un mes adicional; sendo de este modo a data máxima para xustificación da realización do proxecto o 31/10/2023.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”.

X. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 11/09/2023, e da Intervención Provincial de data 11/09/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- SOLICITAR ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo máximo de (2) dous meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para a execución da actuación ou da súa eventual ampliación para xustificación por parte do beneficiario da realización das actuacións que conforman o proxecto núm. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, segundo se regula no artigo 15 del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, cuxo vencemento é 30/09/2023, en (1) un mes adicional; ampliándose deste xeito o prazo máximo para xustificación da realización do proxecto ao 31/10/2023.



- DARLLE TRASLADO do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia

11.32968.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB PETANCA ENSINO APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 29/07/2022. (Expte.2022027323)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 29 de xullo de 2022 unha subvención a favor do *Club Petanca Ensino* con NIF: G36798866 do concello de Vigo, por un importe de 446,08 €, para o “*Deporte Federado Ámbito Inferior A Estatal - Petanca*” e con cargo á aplicación 23/340.3410.489.23.2022, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2023052243 con data 07/09/2023 do citado club renunciando á subvención concedida dado a imposibilidade de xustificación, e vista a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención de 08/09/2023 co CSV: GTYCCCHM83TY57L9 e polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

12.32969.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

Vista a relación de facturas con número 2023058531, que contén 12 facturas e por un importe de 31.201,04€ e con CSV: QBIG4NCV9SBNXHY0, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 08/09/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	30.931,55 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	269,49 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	31.201,04€

13.32970.- APROBACIÓN DO CAMBIO DO DIRECTOR DA OBRA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0104 RAMAL - IGREXA DE FIGUEIRIDO (VILABOIA)”. (Expte. 2022074028)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou nomear director da obra “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don Jaime Ruibal de Sola.



Resultando.- Que mediante escrito que consta no expediente con CSV: HSILIU50U50ZIOIK, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, solicita un cambio de nomeamento na dirección de obra Mellora da seguraza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)” por motivos de organización do departamento técnico, proponendo para exercer dita labor ó enxeñeiro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: “*Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen lle corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP...*”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección da obra, deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo o nomeamento de D. Jaime Ruibal de Sola como director da obra “*Mellora da seguraza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*”.
2. Nomear director da obra “*Mellora da seguraza viaria e mobilidade peonil na E.P. 0104 Ramal - Igrexa de Figueirido (Vilaboa)*” ó enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

14.32971.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓNS XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ORAL”. (Expte. 2023004124)

A Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 9 de xuño de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do *Servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos polo ORAL da Deputación de Pontevedra e a súa entrega ao operador postal.*

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de xuño de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



A Mesa de Contratación en data 30/06/2023, despois da cualificación da documentación administrativa presentada nos sobres A, declarou admitidas ás empresas:

- ECOLOGICAL MAILING S.L (B81194318)
- CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L (B92621762)
- NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A. (A82413113)
- MAILTECK S.A. (A31501901)
- GUREAK MARKETING S.L.U. (B20158218)
- MAILING ANDALUCÍA S.A. (A41502840)
- TELEMAIL S.L.(B81927626)

E non admitidas, ningunha.

A Mesa de Contratación, na mesma data, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliada mediante criterios que dependen dun xuízo de valor, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico do servizo do Oral para a súa valoración.

O xefe de coordinación do Oral, con data 18 de xullo 2023, emitiu o informe de valoración no que di:
“As puntuacións totais:

	1 ata 12 ptos	2 ata 15 ptos	3 ata 8 ptos	4 ata 5 ptos	TOTAL
MAILING ANDALUCÍA	6	9	2	5	22
GUREAK MARKETING	6	5	6	5	22
CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES	10	9	7	5	31
ECOLOGICAL MAILING	6	4	4	5	19
TELEMAIL	3	7	1	0	11
MAILTECK	8	6	0	5	19
NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL	7	8	4	0	19



Dada conta do establecido nos pregos de cláusulas administrativas particulares “*para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B)*”, faise constar que as licitadoras ECOLOGICAL MAILING, TELEMAL, MAILTECK e NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL, non acadan a puntuación mínima de 20 puntos.

Ademais, as licitadoras MAILING ANDALUCÍA; GUREAK MARKETING; CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES Y NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL presentan na documentación obxecto de valoración nesta fase do procedemento, certificacións relacionadas coa xestión mediambiental (ISO 14001) e xestión da seguridade da información (ISO 27001), que son obxecto de valoración segundo criterios avaliados mediante fórmulas (sobre C). Segundo o disposto nos pregos que rexen esta licitación “*na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento*”.

As certificacións presentadas obxecto de valoración no sobre C son:

MAILING ANDALUCÍA: ISO 14001 e ISO 27001

GUREAK MARKETING S.L.U.: ISO 14001 e ISO 27001

CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES S.L: ISO 14001 e ISO 27001

NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL S.A.: ISO 27001”

A vista do exposto, a Mesa de Contratación na reunión de data 31/08/2023 acorda:

1-Excluír as empresas MAILING ANDALUCÍA; GUREAK MARKETING; CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES e NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL xa presentan na documentación do sobre B “*xuízos de valor*” certificacións relacionadas coa xestión mediambiental (ISO 14001) e xestión da seguridade da información (ISO 27001), documentación que é obxecto de valoración no sobre C “*criterios avaliados mediante fórmulas*”. Segundo o disposto nos pregos que rexen esta licitación “*na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita incluír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento e tal e como se recolle no informe do xefe de coordinación do ORAL.*

2.- Prestar conformidade ao informe de valoración do xefe de coordinación do ORAL (csv EPO939Y6OT8KV5EM), e en base ao mesmo, declarar DESERTO o expediente de contratación dado que ningunha das empresas alcanza unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, tal e como se recolle na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas.



Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente a actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir as empresas MAILING ANDALUCÍA; GUREAK MARKETING; CONSORCIO, MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES e NEXEA GESTIÓN DOCUMENTAL xa presentan na documentación do sobre B “xuízos de valor” certificacións relacionadas coa xestión mediambiental (ISO 14001) e xestión da seguridade da información (ISO 27001), documentación que é obxecto de valoración no sobre C “criterios avaliábeis mediante fórmulas”. Segundo o disposto nos pregos que rexen esta licitación “na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita incluír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento e tal e como se recolle no informe do xefe de coordinación do ORAL (csv EPO939Y6OT8KV5EM).

2.- Declarar deserto o procedemento aberto, convocado para a contratación, *servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL, así como a súa posterior entrega ó operador postal*, dado que ningunha das empresas admitidas alcanza unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, tal e como se recolle na cláusula 9.1 do prego de cláusulas administrativas.

3.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de contratación do sector público).

15.32972.- APROBACIÓN DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO LOTE 5. ZONA E2 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022. (Expte. 2022017782)

A Xunta de Goberno de 6 de maio de 2022, acordou adxudicar o “*Contrato derivado do acordo marco que regula as obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022, correspondente ao lote 5 zona E2*” á empresa *Construcciones Fechi SL* polo importe 723.057,28 € IVE incluído, cun prazo de execución de 6 meses.

Con data 24 de xaneiro de 2023 a empresa *Construcciones Fechi SL* presenta por rexistro (REX_WEB2023003647) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o dito contrato acompañada dos cálculos propostos cos índices publicados.

Analizada a solicitude, e vistas as diferentes interpretacións do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspón a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020 (de agora en diante, Real Decreto-lei 3/2022), que permite a revisión excepcional de prezos, e da modificación operada pola Real



Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, e das dificultades na súa aplicación; a Deputación de Pontevedra realiza unha consulta á Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, con data 13 de xuño de 2022, sobre diversas cuestións de aplicación da revisión excepcional de prezos nos contratos de obra.

Polo servizo técnico de Infraestruturas emítese informe, con data 17/07/2023 (csv: JKI24UPPP410099I) no que se sinala que:

- *“Trátase dun contrato derivado dun acordo marco, contrato que foi formalizado o día 10/05/2022 logo de que o día 20/01/2021 rematara o prazo para presentar as ofertas. Neste acordo marco quedan os prezos fixados de forma invariable durante toda a súa vixencia (a cal é dun ano prorrogable ata catro). Non obstante, segundo criterio fixado polo Servizo de Intervención para contratos derivados deste Acordo Marco, informe que se encontra no expediente 2022017777, a data a considerar para o cálculo neste informe será a do 28/01/2022 (data de conformidade da prórroga), como referencia para determinar o índice de referencia a partir do cal debe establecerse a procedencia dun expediente de revisión de prezos.*
- *O solicitante propón a fórmula de revisión de prezos nº153 do RD 1359/2011. Dado que nin no proxecto construtivo nin no PCAP se determina a fórmula de revisión de prezos a empregar, logo da análise das diferentes fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras aprobadas polo RD 1359/2011 do 7 de outubro, dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que a fórmula nº 153 é a que houbera correspondido ó contrato. Xúntase revisión efectuada.*
- *O solicitante aporta xustificación do requisito do artigo 7.1 do RDL 3/2022, de 1 de marzo, sobre a existencia dun incremento do coste de materiais especificados en dito artigo, maior do 5 por cento do importe certificado do contrato, con erros no cálculo dos coeficientes de revisión e escollendo unha data para os índices 0 distinta á deste informe. Dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se considera que utilizando a fórmula 153 cúmprese dito requisito, obtendo un incremento do 15,87%. Xúntase revisión efectuada. En todo caso, a porcentaxe é provisional suxeita ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*
- *O solicitante non aporta unha xustificación do importe a abonar de revisión de prezos. Xúntanse os cálculos xustificativos efectuados polos servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais que corresponderían no caso de ser procedente a revisión de prezos, usando a fórmula 153, determinando que a revisión de prezos que procedería sería de 121.569,28 € (con IVE). En todo caso, o importe é provisional suxeito ás variacións dos índices de prezos correspondentes aos meses dos que aínda non se teña publicado os seus correspondentes índices no «Boletín Oficial del Estado».*

Con data 8/08/2023, a Intervención certifica a existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, orzamentaria do vixente orzamento provincial, quedando retido ou importe de 121.569,28 € mediante ou documento de retención de crédito núm. 202300166269.



Trasladado ou expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro. A Intervención, con data 8/08/2023, informa que:

“Corresponde ao órgano de contratación ditar a proposta de revisión que deberá ser notificada ao contratista con indicación da fórmula de aplicación e do importe resultante. A contía resultante da revisión aplicarase na certificación final da obra como partida adicional con pleno respecto á lexislación orzamentaria. Como consecuencia da aplicación dos índices provisionais correspondentes aos meses de outubro e novembro/2022, este importe deberá revisarse e corrixirse á alza ou á baixa na liquidación do contrato por aplicación dos índices oficiais definitivos correspondentes ao citado período. A efectos de tramitación do pago achegarase polo contratista declaración responsable da non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custes dos materiais neste contrato ou no seu caso, a acreditación da desistencia dos mesmos.

Á vista do exposto e coas observacións referidas, infórmase favorablemente a proposta de aprobación da revisión excepcional de prezos polo importe de 121.569,28 €”

En data 08/09/2023, pola Secretaria préstase conformidade a revisión de prezos, mediante informe csv KH2E28UJJZ5AR3DX.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a revisión de prezos excepcional do “*Contrato derivado LOTE 5. ZONA E2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, para o ano 2022*” adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L. (B-36258861), aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Aplicada a fórmula de revisión de prezos resulta un importe de revisión 121.569,28 € (con IVE).

2.-Autorizar e dispoñer o gasto da revisión excepcional de prezos a favor da empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (B36258861), por importe 121.569,28 € con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente Orzamento Provincial.

O pago quedará condicionado a achega polo contratista da declaración responsable de non interposición de recurso ou reclamación administrativa ou exercicio de calquera tipo de acción xudicial por mor do incremento dos custos das materias neste contrato, ou, no seu caso, a acreditación do desestímulo dos mesmos, non prazo de 10 días a contar dende ou día seguinte a notificación deste acordo.

16.32973.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FORMACIONA (SARARTE, S.L.), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO TIC EMPRENDES COFINANCIADO POLO FSE” (Expte. 2021037627) (Devogaran 2023049553)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 3 de xuño de 2022 (CSV.-YM0QEZ15VRHMBS83), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a contratación do “Servizo de formación no marco do TIC EMPRENDES, cofinanciado FSE”. (Expte. 2021037627).

Para responder da realización dos lotes 2 e 4 que compuxo este servizo, a empresa FORMAZIONA - SARARTE, S.L.- (B-70223559), adxudicataria de ditos lotes, constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación, polo seguintes importes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
SARARTE, S.L. (B-70223559)	2	432,60€	202200110625	25/05/2022
	4	797,60 €	202200110622	25/05/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal informa favorablemente á devolución das mesmas xa que, aínda que os lotes 2 e 4 non se realizaron porque as accións formativas previstas non acadaron o número mínimo de 15 alumnos exixidos polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública e pola memoria técnica do proxecto TIC EMPRENDES, resultan procedentes as súas devolucións xa que os citados lotes non se levaron a cabo por motivos alleos a empresa adxudicataria.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil FORMAZIONA -SARARTE, S.L.- (B-70223599), dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes números 2 e 4 do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, cofinanciado FSE*” (Expte. 2021037627), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil FORMAZIONA -SARARTE, S.L.- (B-70223599), por resultar adxudicataria de ditos lotes, e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXABANK, por importe de catrocentos trinta e dous euros con sesenta céntimos (432,60 €), para responder, do “Lote 2”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/05/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200110625.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXABANK, por importe de setecentos noventa e sete euros con sesenta céntimos (797,60 €), para responder, do “Lote 4”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 25/05/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200110622.



17.32974.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FOSS IBÉRICA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPO NIR PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ”. (Expte.2019041878) (Devogaran 2023048870)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 18 de outubro de 2019 (CSV.- YEBP8KWOSO4WYN3I), adxudicouse o contrato relativo a “*Subministración dun equipo NIR, para o laboratorio da Finca Mouriscadé*” (Expte. 2019041878).

Para responder da realización deste contrato, a empresa FOSS IBERIA, S.A.U. (A-08912909), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 3.000,00 € segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900186686, de data 09/10/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido pola Finca Mouriscadé, no cal informa que a empresa cumpriu satisfactoriamente tódolos compromisos derivados do contrato, polo que non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa FOSS IBERIA, S.A.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministración dun equipo NIR, para o laboratorio da Finca Mouriscadé*”. (Expte. 2019041878), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, por importe de 3.000,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/10/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900186686.



18.32975.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

19.32976.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

